

Ashwin Woodhoo

Nado en 1978 nas illas Mauricio, Ashwin Woodhoo posúe dobre nacionalidade, británica e mauriciana. Doutor e máster en neurociencias, iniciou a súa etapa postdoutoral en 2007 no University College de Londres (Reino Unido), centrando as súas liñas de investigación na bioloxía das células de Schwann, que controlan a integridade dos nervios periféricos no adulto.

En 2009, múdase a España, concretamente ao Centro de Investigación Cooperativa en Biociencias (CIC bioGUNE), situado en Vizcaya, onde en 2016 asume a dirección do Laboratorio de Trastornos Nerviosos (Nerve Disorders Laboratory) como investigador independente. Durante a súa estancia no CIC bioGUNE e tras a obtención dun contrato Ramón y Cajal, consegue, en 2019, unha **ERC Consolidator Grant**, cun orzamento de 1,9M€, para desenvolver o proxecto [MyeRIBO](#). Cunha duración de cinco anos, a proposta céntrase no estudo da mielinización nas células de Schwann, fundamentais para entender enfermidades devastadoras como a esclerosis múltiple ou a neuropatía diabética.

Tamén é coordinador dunha rede de doutoramento Marie Skłodowska-Curie "[RBP ReguNET](#)", unha iniciativa en formación científica que financiará, con preto de tres millóns de euros durante catro anos, os proxectos de 11 doutorandos de España, Alemaña, Francia, Italia, Reino Unido e Países Baixos. Este consorcio europeo pretende identificar novos obxectivos farmacolóxicos en enfermidades intratables como certos cancros, trastornos neurolóxicos, hepáticos ou enfermidades infecciosas.

En 2021, o doutor Woodhoo incorpórase ao Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CiMUS), da Universidade de Santiago de Compostela (USC), grazas ao financiamento do programa Oportunius. Alí lidera o grupo de investigación [Gene Regulatory Control in Disease](#), que utiliza enfoques tanto experimentais como computacionais para descifrar os aspectos relacionados co control da expresión xénica, co foco nos trastornos nerviosos, as enfermidades hepáticas e o cancro. As súas investigacións foron publicadas nas revistas científicas máis prestixiosas do mundo como Nature Neuroscience, Journal of Clinical Investigation, Journal of Cell Biology ou Hepatology.